



ORDENANZA FISCAL Nº 26. REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZAS POLA TENZA DE ANIMAIS PERIGOSOS, RENOVACIÓN, INSCRIPCIONS REXISTRAIS E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15º e 19º do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da LRFL, e tendo en conta o establecido na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o Réxime Xurídico da Tenza de animais potencialmente perigosos e no Real Decreto 287/2002, de 22 de Marzo polo que se desenrola a citada Lei; Lei 1/1993 de 13 de Abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade, Decreto 153/1998 de 2 de Abril, este Concello establece a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza, as súas renovacións, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

1. O feito imponible da Taxa é a actividade municipal técnica e administrativa conducente á verificación

do cumprimento das condicións establecidas na Ordenanza reguladora da tenza de animais potencialmente perigosos, para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen a súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, criadeiros centros de recollida, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que renoven a mesma.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas

a que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5.- DEVENGO

1.- O devengo das taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

2.- A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.



ARTIGO 6º.- TARIFAS

- 1.- Licenza de Cans Potencialmente Perigosos:10 €.
- 2.- Renovación de Licenzas:5 €.
- 3.- Inscripción no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos:5 €
- 4.- Modificacións rexistrais:1 €.
- 5.- Cancelación rexistral:2 €.
- 6.- Ficha identificativa individual:5 €.
- 7.- Inscripción no censo de animais de compañía:3 €.
- 8.- Os actos ós que se refiren os epígrafes 1,2,3 e 5, cando sexan solicitados polos suxeitos pasivos a que se refire o artigo 2.2 da Ordenanza reguladora da Taxa por expedición de licenza, renovacións, inscricións rexistrais e modificacións e cancelacións, terán un recargo do 10%

ARTIGO 7º.- INGRESO DA TAXA

O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

ARTIGO 8º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ós quince días da súa publicación íntegra no Diario Oficial da Provincia, de conformidade e co disposto nos artigos 65.2 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, continuando en vigor ata a súa derogación expresa polo Concello.

Aprobación	Pleno de 24/09/11	BOP nº 227 de 25/11/11
-------------------	-------------------	------------------------